

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 8

SESION EXTRAORDINARIA DO 11 DE MAIO DE 2009

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel

Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
López Carreira, Xesús
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Muñoz Posse, Carlota
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

NON ASISTEN:

Abelairas Rodríguez, Isaura
González Sagarra, Javier Pablo
Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Molares Pérez Lucía
Porro Martínez, María Corina
Velooso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día once de maio do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno,

López Carreira, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González e Rodríguez Díaz, actuando como Secretario Xeral accidental do Pleno que asina D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, González Sagarra, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Font, Molares Pérez, Porro Martínez e Veloso Ríos. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Álvarez Álvarez e Mariño Mendoza.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

ÚNICO.(72) SORTEO DE FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS VINDEIRAS ELECCIÓNS Ó PARLAMENTO EUROPEO DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 26.2 DA LEI ORGÁNICA DO RÉXIME ELECTORAL XERAL.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, convocouse sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal que se realiza o día da data, na Casa do Concello ás nove horas e dez minutos, a fin de facer o sorteo, por ordenador, da formación das mesas electorais para as vindeiras eleccións ó Parlamento de Galicia, convocadas por RD número 482/2009, do 3 de abril, publicado no Boletín Oficial de Galicia núm. 91, do 14 do mesmo mes.

O Sr. Presidente explica brevemente o sistema para o sorteo de formación das mesas electorais, indicando que os señores e señoras concelleiras dirán números ó chou, do 1 ó 999, para escoller a cada un dos membros a designar. Tales números se corresponderán co número do censo electoral de cada mesa. Seguidamente o ordenador fará automaticamente a elección, segundo a titulación e a idade requirida, dos compoñentes das citadas mesas integradas por presidente, dous vocais e dous suplentes por cada membro.

Os devanditos números son os que seguen:

PRESIDENTE	347
1º VOGAL	848

2º VOGAL	815
PRESIDENTE 1º SUPLENTE	424
PRESIDENTE 2º SUPLENTE	27
1º VOGAL 1º SUPLENTE	105
1º VOGAL 2º SUPLENTE	125
2º VOGAL 1º SUPLENTE	312
2º VOGAL 2º SUPLENTE	74

De seguido o Sr. presidente indica que os devanditos números se introducirán no proceso de datos municipal a fin de que se confeccione o listado dos cargos que terán que ocupar as mesas electorais, listado que se procederá a remitir a todos os grupos políticos da Corporación.

(Están ausentes os Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, González Sagarra, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Font, Molares Pérez, Porro Martínez e Veloso Ríos)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezaioito membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar, tralo sorteo público realizado, a constitución das mesas electorais para as vindeiras eleccións ó Parlamento Europeo, que se contén no listado consecuencia do sorteo e a súa remisión á Xunta Electoral de Zona de Vigo, de conformidade co disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e nove horas e catorce minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL ACCTAL. DO PLENO,

S.Ext. 11.05.09

Abel Caballero Alvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela.